

Taller de Estimulación da Linguaxe

ANANAS NA
BRANCA

CEIP Virxe da Barca



@pilimestraal



Imaxes sacadas de www.freepik.es

Bocas de www.merakilogopedia.blogspot.com

Esta semana imos traballar a **morfosintaxe**.

A **morfosintaxe** ocúpase das combinacións do léxico (as palabras) para formar oracións e da ordenación das palabras nunha frase e da estrutura e relacións que se producen dentro das palabras.

As actividades propostas, van explicadas co que hai que facer, pero se nalgún momento non se entende algo ou hai dúbidas, podedes enviarme un correo electrónico a pilarrima@gmail.com

Esta semana, as actividades poden facelas todos os cursos. Non as fagades todas do tirón senón distribuídeas pola semana. O ideal sería facer uns 30-35 minutos ao día, repasando as actividades das semanas anteriores.

Morfosintaxe

4º, 5º e 6º Educación
Infantil

Semana 4. Morfosintaxe.

Obxectivo:

1. Construír oracións axeitadamente e ampliar o número de elementos das mesmas.

Contidos:

- Construción axeitada de oracións.
- Ampliación do número de elementos da oración.

Actividades →



Actividade 1.

Ola Pepe! Que é o que contas?

A continuación, deixo unha serie de láminas relacionadas coa temática da granxa. Ensinarémosllas aos/ás peques e preguntarémoslles que é o que ven.

Estaremos atentos a que fagan construcións correctas nas oracións: suxeito+verbo+predicado e que usen de forma correcta o xénero e o número das palabras. Se vemos que hai erros, **NUNCA OS CORREXIREMOS DE FORMA DIRECTA**, senón que repetiremos o que din correcta e claramente.

Exemplo: na primeira lámina podemos construír "Hai unha granxa con unha galiña, un galo e pitiños."















Actividade 2. Xogamos ás parellas


Utilizando as imaxes dos personaxes do taller que deixo a continuación, outros obxectos que haxa nunha granxa e obxectos da vosa casa, elixiremos dúas imaxes ao azar para que os/as peques constrúan unha oración que conteña esas dúas palabras.

Exemplo: se eliximos a cadela Malta e un xoguete como pode ser un tractor poderíamos construír "A cadela Malta camiña detrás do tractor".






Rato Pepe



Cadela Malta




Gata Cuqui




Galo Kiko




Galina Pita




Polño Mimi




Burro Cholo



Cabalo Paco




Pata Lula



Vaca Violeta



Ovella Linda



Porco Ramón



Coello Lolo

Actividade 3.

Que facemos na granxa?

Partindo da actividade anterior e aproveitando as oracións que realicen os/as peques, faremos que amplíen as construcións sintácticas que elaboraron, mediante distintas preguntas: onde?, cando?, por que?... Ao principio responderán só á pregunta pero logo, intentaremos que fagan unha oración máis completa unindo toda a información.

Exemplo: "A cadela Malta camiña detrás do tractor"

"Cando?" "Pola mañá"

"A cadela Malta camiñou detrás do tractor pola mañá"



Actividade 4.

Adiviña, adiviña, que ten o pitiño na barriga?

Aproveitando os personaxes da granxa (están na actividade número 2) máis outros animais que se nos ocorran relacionados coa temática, axudaremos a que os/as peques elaboren descrições.

Empezaremos dicindo unha característica do animal elixido para, a través de preguntas como: "como é?" "cantas patas ten?" "que come?" os/as peques ampliarán a súa descripción.

Exemplo: can "bo" "cantas patas ten?" "catro" "O can é bo e ten catro patas"

